



Grupo Municipal  
RIBEIRA

Luís Teira Parada como concelleiro do BNG neste concello, fai as seguintes preguntas sobre a apertura da piscina municipal, dirixidas ao Pleno Municipal para a súa resposta.

Dende principios do mes de agosto a piscina municipal da Fieiteira está pechada ao público. Esta parada no servizo dunha das instalacións municipais máis utilizadas, ven sendo habitual todos os anos por cuestións técnicas e de mantemento durante o mes de agosto.

Mais este ano esta parada estaba prevista que se prolongase por mes e medio (estando anunciado nun cartel a súa apertura e reinicio de actividades para o luns 15 de setembro) debido a unhas obras de mellora que se ían acometer na instalación deportiva.

Hoxe é 15 de setembro e a instalación non está aberta ao público debido a que estas obras de mellora na cuberta da piscina aínda non se iniciaron, e comezarán ao longo destes días.

Está previsto que cando menos estas obras se prolonguen durante máis dunha semana e a esta temos que engadirle o tempo que se precisa para encher o vaso de auga e outros pequenos arranxos previstos o que vai supoñer, cando menos, un retraso na apertura da instalación de cando menos 2 semanas.

Ante estas cuestións, e en nome do grupo municipal do BNG, pregunto:

¿Por que non se acometeron estas obras de mellora no mes agosto aproveitando a parada técnica?; ¿que medidas está tomando o goberno municipal para resolver este problema?

En Ribeira a 15 de setembro de 2008

Luís Teira Parada  
Concelleiro do BNG

Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira